


Sabías que...?

A pesar da persistencia das mesmas características que nos séculos anteriores, a **agricultura** no século XVIII beneficiouse do descenso das guerras e do aumento da poboación, que permitiu cultivar máis campos e así aumentar a produción respecto ao século precedente.

Lembra

As **compañías comerciais** eran sociedades capitalistas que obtían dos reis o permiso de explotación dun produto, case sempre en réxime de monopolio, a cambio do pagamento duns altos impostos. Distingúanse dous tipos en función do seu destino:

- As compañías das Indias Orientais, que se dirixían a Oriente en busca de especias, sedas e outros produtos exóticos.
- As compañías das Indias Occidentais que se dirixían a América.



Sede da compañía Inglesa das Indias Orientais en Londres.

A economía do Antigo Réxime

A economía característica do Antigo Réxime é fundamentalmente de **base agraria** e escasos rendementos. Por outra banda, os descubrimentos xeográficos do século XVI deron lugar a un comercio colonial floreciente que empezou a adquirir moita importancia en gran parte de Europa. Estes dous aspectos enmárcanse dentro do sistema económico imperante nesta época, o **mercantilismo**.

Unha economía de base agraria

A comezos do século XVIII persiste unha economía de base agraria, que se fundamenta nos mesmos principios que a agricultura dos séculos precedentes:

- Está enfocada basicamente cara á subsistencia ou autoconsumo dos campesiños.
- Produce moi baixos rendementos, que apenas son suficientes para alimentar a poboación.
- Permanece completamente suxeita aos efectos do clima como as secas, xeadas, inundacións etc.
- Atópase varada nuns usos agrarios pouco produtivos, como son o uso do arado romano, a persistencia do barbeito etc.

O florecemento do comercio colonial

En contraste coa situación da agricultura e dunha industria aínda moi ancorada no sistema gremial, atopamos un comercio que despega aos poucos e favorece un maior dinamismo da economía e as cidades.

A causa fundamental deste florecemento comercial hai que buscala nos intercambios coas terras recentemente descubertas, fronte ao case inexistente comercio interior entre as distintas rexións dun país, debido ao autoabastecemento destas, as dificultades de comunicación etc.

Aínda que os portos de Sevilla e Lisboa mantiveron a súa importancia no comercio colonial, os holandeses primeiro, e posteriormente os ingleses e franceses comezaron a facer fortes no comercio internacional, mediante o desenvolvemento de compañías comerciais.

Nesta época desenvolveuse o chamado **comercio triangular** entre Europa, África e América que funcionaba do seguinte modo:

- En Europa cargábanse os barcos cheos de manufacturas con dirección a África.
- En África intercambiábanse as manufacturas por escravos e partíase rumbo a América.
- En América os escravos eran intercambiados á súa vez por materias primas como tabaco, café, cacao, azucre ou algodón.
- Os barcos partían cara a Europa onde se vendían as materias primas de América, despois se exportaban a África.